Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Dende Penedo Redondo ata Fonte Sartaña

No lugar de Beariz, parroquia de San Amaro de Beariz, concello de San Amaro (Ourense), hai un gran penedo no cumio dun monte coñecido como Penedo Redondo pola forma que ten.
Máis abaixo deste penedo hai unha fonte entre dúas penas coñecida como Fonte Sartaña. E hai unha copla que di:
Dende o Penedo Redondo
ata a Fonte Sartaña
hai unha trabe de ouro
que vale máis que toda España.
Buscouse a trabe mais, de momento, ninguén atopou nada.

[Recollido por Gonzalo Lama Vaquero en xaneiro de 1994 a Generosa Vaquero]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., «102 lendas e noticias lendarias», en Boletín Auriense, XXIV, 1994, páx.. 287- 336.